



CONVOCATORIA DO PLAN PROPIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA DE AXUDAS PARA O ESTUDANTADO AFECTADO POR CAUSAS SOBREVIDAS 2025/2026

En coherencia coa súa dimensión social e para a satisfacción dos principios e valores de equidade e de igualdade consignados nos seus estatutos, a Universidade da Coruña (UDC) sabedora de que o estudantado, por diversas circunstancias sobrevidas, pode sufrir unha grave deterioración da súa situación económica e persoal que comprometa a continuidade dos seus estudos, considera necesario establecer unhas axudas por causas sobrevidas, que se rexerán polas seguintes bases:

ARTIGO 1. OBXECTO E ORZAMENTO

A presente convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas económicas de carácter finalista e extraordinario para aquel estudantado da UDC que, por circunstancias persoais, familiares ou económicas sobrevidas durante o período do 1 de setembro de 2025 ata o 31 de maio de 2026, se atopen nunha situación precaria que poida afectar á continuidade dos seus estudos.

Estas axudas perseguen que, dentro dos límites orzamentarios existentes, ningún alumnado quede excluído da universidade por motivos económicos.

A convocatoria conta cunha dotación total de 30.000 € con cargo á partida 03.0A. 422D 480.00.

ARTIGO 2. SOLICITANTES

Poderá solicitar estas axudas o estudantado matriculado nun centro propio da UDC en estudos oficiais de grao ou máster, que manteña a súa matrícula durante todo o curso académico 2025/26, e que cumpra os seguintes requisitos:

a) Requisito socioeconómico principal

As persoas solicitantes deberán acreditar que a súa unidade familiar sufriu unha diminución drástica de ingresos como consecuencia directa dunha situación sobrevida ocorrida desde o 1 de setembro de 2025 ata o 31 de maio de 2026. Considerarase que existe unha diminución drástica cando a redución dos ingresos familiares sexa de, polo menos, un 15 % respecto ao ano anterior. En circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, a Comisión de Valoración poderá apreciar a existencia de dificultade económica grave aínda cando a caída de ingresos non alcance o 15 %, se ao seu xuízo os ingresos actuais se sitúan en niveis de risco de exclusión social.

Entenderase como causa sobrevida:

- o falecemento dalgunha das persoas proxenitoras ou sustentadoras principais da unidade familiar;
- o desemprego dalgunha das persoas proxenitoras ou sustentadoras principais da unidade familiar;

- a separación/divorcio das persoas proxenitoras do/a estudante, ou do propio estudante se tivese cónxuxe;
 - o recoñecemento dunha discapacidade acreditada superior ao 33 %. A resolución do recoñecemento do grao de discapacidade deberá estar emitida entre o 01/09/2025 e o 31/05/2026;
 - o accidente ou enfermidade grave da persoa solicitante ou doutro membro da unidade familiar (1.º ou 2.º grao) que comporte importantes gastos médicos ou de coidados, ou que impida traballar a quen achegaba ingresos;
 - a acollida, desamparo ou abandono familiar: casos en que a persoa solicitante sufrise abandono por parte da súa familia e se atope baixo tutela/acollemento fóra do seu núcleo familiar de orixe, coa conseguinte carencia de apoio económico;
 - outras circunstancias, sociais ou excepcionais, que teñan un impacto económico negativo.
- b) Non dispor dunha titulación de igual ou superior nivel á que está cursando e para a que solicita a axuda.
- c) Non superar os limiares de renda familiar establecidos no Real decreto 163/2025, do 4 de marzo de 2025, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías e axudas ao estudo para o curso 2025/26.
- d) Estar matriculada nun mínimo de 30 créditos, agás nos casos de finalización de estudos.

ARTIGO 3. CONTÍA E PAGAMENTO DAS AXUDAS

Concederase unha axuda dun importe máximo de 1.000 euros; a Comisión de Valoración establecerá a contía exacta para cada solicitude.

O pagamento da axuda farase mediante unha transferencia bancaria á conta que sinalen as persoas beneficiarias, da cal deben ser titulares ou cotitulares. Aboarase nun pagamento único.

ARTIGO 4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- a) Prazo de solicitude: desde o día seguinte á publicación desta convocatoria ata as 23:59 horas do 31 de maio de 2026.
- b) Procedemento de solicitude: a solicitude realizarase por vía telemática completando o formulario <https://forms.office.com/e/BBqxTcUej3> e achegando en formato dixital (PDF) toda a documentación que se detalla no artigo 5. Para acceder á solicitude telemática será necesario identificarse coas credenciais universitarias e seguir as instrucións do formulario. Unha vez cuberto e enviado, o/a estudante obterá un resguardo acreditativo da solicitude no seu enderezo electrónico institucional (@udc.gal/@udc.es).

ARTIGO 5. DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude, o estudantado deberá achegar a seguinte documentación acreditativa para verificar o cumprimento dos requisitos e da causa sobrevida alegada.

5.1. Documentación xeral común a todas as solicitudes:

- a) Documento de identidade: copia do DNI ou NIE da persoa solicitante. Non será válida a presentación do pasaporte.
- b) Certificado actualizado de empadramento do concello en que figuren todos os membros computables da unidade familiar.
- c) Vida laboral actualizada: informe de vida laboral completa expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, actualizado á data de presentación, de todos os membros computables da familia maiores de 16 anos.
- d) Ingresos familiares antes e despois do feito causante: deberanse documentar detalladamente os ingresos económicos de todos os membros da unidade familiar que evidencien a redución de ingresos sufrida. Para tal fin, achegaranse:
- Declaracións do IRPF dos anos 2024 e 2025 (se procede) de cada membro con obriga de declarar. En caso de non estaren obrigados a declarar IRPF, certificados de imputacións de Facenda ou certificados negativos;
 - Certificados de ingresos ou prestacións emitidos polas entidades pagadoras correspondentes, como poden ser certificados de empresa de salarios e liquidación, certificados do SEPE de prestacións por desemprego, do Instituto Nacional da Seguridade Social (pensións), de servizos sociais (ingreso mínimo, outras axudas...) ou outros documentos oficiais que acrediten os ingresos percibidos e retencións, tanto antes como despois da incidencia;
 - Calquera outro documento que a comisión considere necesario para cuantificar a diminución de ingresos (por exemplo, en caso de profesionais autónomos/as, certificados de cesamento de actividade ou de redución drástica de facturación etc.);
- e) Anexo I: deberá presentarse asinado por todos os membros da unidade familiar.

5.2. Documentación específica segundo a causa sobrevida alegada: acreditación da situación que se alega, achegando a documentación específica que corresponda. A modo enunciativo, detállase a documentación requirida para algúns supostos típicos; calquera outra causa deberá acreditarse con medios análogos:

- a) Falecemento da persoa proxenitora ou sustentadora: certificado de defunción do membro falecido.
- b) Desemprego dunha das persoas sustentadoras: certificado de empresa de despedimento ou carta de finalización de contrato; documento de alta como demandante de emprego (DARDE) e, se corresponde, resolución de recoñecemento de prestación por desemprego do SEPE coa indicación da contía e duración, ou certificado de non percibir prestación. Se a persoa afectada era autónoma: xustificante de cesamento de actividade. Contrastaranse os ingresos antes e despois (achegados en 5.1.d).
- c) Separación/divorcio: copia da sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador e, no seu caso, certificación de medidas económicas (pensión alimenticia, compensatoria), así como certificado de empadramento que mostre a nova composición familiar tras a separación.

d) Discapacidade sobrevida: resolución ou certificado oficial de recoñecemento de discapacidade emitido polo organismo competente, coa indicación do grao (%) e a data de efecto.

e) Enfermidade grave: informe médico oficial que diagnostique a enfermidade e indique a súa data de inicio.

f) Outra: documentación que acredite a causa sobrevida alegada.

A Comisión de Valoración resérvase a facultade de solicitar calquera documentación adicional que estime necesaria para examinar a situación económica e social alegada.

ARTIGO 6. COMISIÓN DE VALORACIÓN

6.1. Composición

A Comisión de Valoración encargada de valorar as solicitudes estará composta polas seguintes persoas:

Presidenta: María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade.

Secretaria: María Dolores Fernández Vázquez, xefa da Sección de Bolsas.

Vogais:

María Belén Vidal Seoane, xefa do Negociado III do Servizo de Estudantes.

Fernando Martínez Abella, profesor da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, representante do PDI.

María Eugenia Amado Vázquez, profesora da Facultade de Fisioterapia, representante do PDI.

Susana Iglesias Antelo, profesora da Facultade de Economía e Empresa, representante do PDI.

Jesús Cendán Verdes, profesor da Facultade de Informática, representante do PDI.

Irene Rodríguez Ríos, representante do alumnado pertencente á Comisión de Selección de Bolseiros do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

6.2. Interpretación

A Comisión está facultada para interpretar todas aquelas circunstancias que concorran nas solicitudes e non queden reflectidas nesta convocatoria.

As dúbidas relacionadas con esta convocatoria poden ser consultadas a través do enderezo electrónico bolsas@udc.gal indicando no asunto "Causas Sobrevidas".

ARTIGO 7. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E ADXUDICACIÓN DAS AXUDAS

A valoración das solicitudes realizarase pola Comisión de Valoración que propondrá a adxudicación das axudas tendo en conta a causa sobrevida xustificada, a falta de recursos económicos debidamente acreditada e a existencia de orzamento.

Na adxudicación das axudas priorizaranse as solicitudes do alumnado que non teña ningunha titulación universitaria sobre as do alumnado que si a teña.

ARTIGO 8. RÉXIME XURÍDICO

Esta convocatoria rexeráse polas normas contidas nesta resolución e, do mesmo xeito, axustarase con carácter supletorio ao disposto na seguinte normativa:

- Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario;
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas;
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público;
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións;
- Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria;
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais;
- Real decreto 163/2025, do 4 de marzo de 2025, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías e axudas ao estudo para o curso 2025/26;
- Estatutos da UDC.

ARTIGO 9. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Unha vez avaliadas as solicitudes pola Comisión de Valoración, publicarase no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO) a listaxe provisional das solicitudes admitidas e denegadas, coa causa de denegación.

As persoas coa solicitude denegada disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta listaxe, para presentar unha reclamación e/ou achegar documentación.

Logo de se examinaren as reclamacións/documentacións presentadas, publicarase no TEO a listaxe definitiva das solicitudes concedidas coa súa contía, denegadas coa causa de denegación, e a listaxe de agarda, se a houber.

ARTIGO 10. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias destas axudas adquiren as seguintes obrigas:

1. Aceptar formalmente a axuda concedida nos termos que se establezan na resolución definitiva;
2. Destinar a axuda para a finalidade para a que foi concedida.

ARTIGO 11. INCOMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Con carácter xeral, estas axudas son incompatibles con outras bolsas ou axudas da mesma natureza ou finalidade concedidas para o curso 2025/2026, co fin de evitar duplicidades no financiamento dunha mesma necesidade. En particular, non se concederá esta axuda a quen sexa beneficiario/a de:

- A bolsa de carácter xeral do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFPD) para o curso 2025/2026, así como calquera bolsa equivalente.
- As axudas sociais doutras institucións públicas para a mesma finalidade: no caso de que algunha entidade pública autonómica ofrecese unha axuda extraordinaria para estudantes en situación de

emergencia non se duplicarán fondos. O/a estudante deberá optar por unha ou outra ou, se as obtivo xa, quedaría fóra desta convocatoria.

No caso de que se detecte que a persoa beneficiaria incorreu en dobre financiamento non permitido, deberá reintegrar a axuda recibida da UDC e poderá ser sancionada/o conforme a normativa de subvencións.

ARTIGO 11. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

A solicitude dunha axuda por causas sobrevidas implica a aceptación do contido da convocatoria e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e lexitimándose nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPd, coa finalidade da correcta xestión das axudas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

- a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <https://sede.udc.gal/> no apartado Outros trámites;
- b) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza, 9, 15001, A Coruña, ben ao correo electrónico rp@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC;

c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ben ao correo electrónico dpd@udc.gal. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada Sede Electrónica ou nos rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

No lugar e data da sinatura dixital.

O reitor,

Ricardo Cao Abad



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO I

AXUDAS PARA O ESTUDANTADO AFECTADO POR CAUSAS SOBREVIDAS CURSO 2025/2026

Nome e apelidos:

NIF/NIE da persoa solicitante:

Data:

Sinaturas da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar:

APELIDOS E NOME	NIF/NIE	PARENTESCO	SINATURA
		SOLICITANTE	

As persoas que asinan declaran baixo a súa responsabilidade que aceptan as bases da convocatoria, que cumpren os requisitos esixidos, así como o seu mantemento durante o tempo indicado, incluído o de non se atoparen incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e que se atopan ao corrente das obrigas tributarias fronte á Seguridade Social, asumindo o compromiso de comunicar calquera variación que se produza no contido da presente declaración respecto das citadas prohibicións e obrigas conforme o determinado no apartado 2.3 da convocatoria.

Así mesmo, autorizan á Universidade da Coruña a obter, a través das correspondentes administracións tributarias, os datos necesarios para determinar a renda e o patrimonio familiar para os efectos desta axuda.